

SÓLODOS EN DANZA / OURENSE / 2017

WORKSHOPS PROFESSIONAIS

Master Class *Physical Endless* con Victoria P. Miranda

22 Nov: 10-11.30h / Sala Principal / Auditorio Municipal de Ourense

Master Class *Corpo Sutil* con Miguel Ángel Punzano · Tejido Conectivo

23 Nov: 16.30-18h / Sala Apego / Auditorio Municipal de Ourense

Master Class *Korpuz Asma* con Mikel Arístegui

24 Nov: 11-12.30h / Sala Principal / Auditorio Municipal de Ourense

Inscrições gratuitas por orde de recepción ata agotar prazas. Envíanos nome, apelidos, email, teléfono de contacto e nome da Master Class que queres tomar a info@solodos.es. As persoas inscritas terán unha entrada para ver os espectáculos.



PASO 2
Plataforma Coreográfica A.C.



AC/E
ACCION CULTURAL
ESPAÑOLA



PABLO
SALAS

galicia
danza
contemporánea



SÓLODOS
EDUCACIÓN

Master Class "Physical Endless" con Victoria P. Miranda

A clase-taller é altamente física, con secuencias de desprazamento, que requerirán un sentido de ataque, rapidez e precisión do movemento. A meta deste curso é axudar aos participantes a desenvolver unha forte presencia individual. As pautas importantes son: coordinación, velocidades, disociación de diferentes partes do corpo e establecer un forte centro. Mediante diferentes exercicios e xogos iremos mergullándonos neste Physical Endless. Traballaremos moito sobre a repetición e a reciclaxe de exercicios. "Traballar desde o primitivo, desde o non-sentido, desde a subxectividade". Deixándonos levar polo esencial de cada un e de todos ao mesmo tempo, chegaremos a un estado físico e primitivo. Intentaremos cambiar os mesmos patróns de sempre para sorprendernos a nós mesmos. As accións falarán por si soas. O sinxelo, ata onde nos puede levar..... Menos es más.

Fórmase en New York (Merce Cunningham) e gradúase na Escola Superior de Danza Contemporánea CNDC L'Esquisse e foi 3º premio, xunto con Nicolás Rambaud, no Certamen Internacional de Danza Burgos - New York 2007 e Premio Sólodos En Danza no mesmo certame no 2014.

Os seus traballos representáronse por innumerables países de todo o mundo e coreografiou pezas para a Compañía Nacional de Danza de Costa Rica, Dantzaz Compania, Universidad de Xalapa, ...

Traballou con Carmen Werner - Provisional Danza (Premio Nacional de Danza 2007), St. Gallen Theater, Josef Frueck e Linda Kapetanea (Rootlessroot), Cooperativa Maura Morales, Johannes Wieland, Toula Limnaios, Rafaele Giovanola, Linga Company, Eric Trotier, Phillip Tallard, Ruses Project, Arrieritos, ... e realiza intermitentemente o seu traballo como pedagoga en diversas escolas e intitucións nacionais e internacionais.

Master Class "Corpo Sutil" con Miguel Ángel Punzano - Tejido Conectivo

Comenzaremos cun traballo estructural e propioceptivo destinado a activar todas as capas de tecido do corpo, abrir os espazos articulares e crear espazo para o movemento sen tensión. Continuaremos cun traballo de movemento que combinará unha parte de búsqueda e outra parte coreográfica.

Miguel Ángel nace en Castellón de la Plana. Cinturón negro de Judo pola Federación española, Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (Universidad de León). Graduado en Danza Contemporánea no Conservatorio Profesional de Danza de Alicante. Graduado en kinesioloxía Holística pola Escuela Menz Venilia (Barcelona).

Traballou como profesor de Anatomía e Biomecánica aplicadas á Danza no Conservatorio Profesional de Danza de Alicante. Como intérprete traballou coa Compañía Otradanza, dirixida por Asun Noales (España) e colaborou coa Compañía Sólodos, dirixida por Erick Jiménez e Maruxa Salas (España/Costa Rica) e coa Compañía Cuatro x Cuatro, dirixida por Shantí Vera (México).

Actualmente compaxina o seu labor como docente, bailarín e coreógrafo, e dirixe a súa propia compañía: Tejido Conectivo.

Master Class "Korpuz Asma" con Mikel Arístegui

"Somos lo que pensamos y tenemos un cuerpo para expresarlo".

Nos seus xa case 30 anos como profesional, Mikel desenvolveu un traballo de diálogo consigo mesmo, a dous ou nun grupo e a súa arquitectura espacial como consecuencia da necesidade de amoldarse a calquer traballo ou proposta coreográfica. Non é necesaria unha experiencia nalguna técnica de danza aínda que ésta axuda; o importante é a claridade consigo mesmo e a disponibilidade para a comunicación a través do movemento. Exercicios sinxelos poránnos en movemento e en conexión a niveis físicos e emotivos.

Arístegui traballou como bailarín con Sasha Waltz & Guests durante casi 10 anos, con Dv8 Physical Theatre durante 3 anos na producción "Just for show" e como coreógrafo co director de teatro Thomas Ostermeier, na Ópera "Orfeo e Euridice" e para a Compañía "Dantzaz" entre outros.

